

Texto: conto popular adaptado por **BATA**

Ilustracións: **ÓSCAR VILLÁN**


Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor. ISBN 978-84-8464-235-0

Prezo: 13 €

## EL CONEJO BLANCO

**Érase un coello branco que foi buscar coles á huerta para cociñar un caldo. Cando o coello regresou á casa, a porta estaba pechada e escoitou...**




Achegar a lectura a persoas con necesidades educativas especiais é o principal obxectivo da colección MAKAKIÑOS, creada por KALANDRAKA en colaboración coa Asociación Baión de Tratamento do Autismo (BATA).

Os colectivos adicados á educación especial veñen demandando material de apoio para facilitar a lectura a nenos e nenas con discapacidade intelectual. Esta iniciativa intenta estimulalos no camiño da lectura, axudando a rachar as barreiras da incomunicación, facéndolles comprensible o mundo da fantasía.

Os destinatarios destes libros son persoas con necesidades de apoio: parálise cerebral, trastornos do desenvolvemento (autismo) ou da comunicación (disfasia). A lectura apóiase -ademais do texto e da ilustración- nun sistema de pictogramas baseado en debuxos e cores, denominado SPC (Símbolos Pictográficos para a Comunicación) e creado en Estados Unidos por Roxanna Mayer-Johnson: os pictogramas dos sustantivos aparecen enmarcados en cor laranxa, os verbos en verde, os adxectivos en azul, os pronomes en amarelo...

MAKAKIÑOS é o primeiro proxecto editorial en utilizar este sistema. O texto adaptouse para unha lectura máis doada, reducindo as palabras con carga simbólica, as metáforas e, en definitiva, restando abstracción á linguaxe. As ilustracións tamén se realizaron buscando a máxima concreción e a mellor comprensión da linguaxe plástica. Por estes motivos, os libros de MAKAKIÑOS conforman un material de apoio que se pode utilizar mesmo en centros de Educación Infantil, para un primeiro acercamento aos libros por parte dos pre-lectores, facilitando o seu acceso ao mundo da lectura.

A continuación, amósase a diferenza entre a edición convencional de "O coelliño branco" e a versión adaptada do álbum para a colección MAKAKIÑOS.



### **ÓSCAR VILLÁN** (Ourense, 1972)

Licenciado na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, na especialidade de pintura. Colaborou co Departamento de Educación do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) no "Programa de introducción á Arte Contemporánea". "O coelliño branco" foi o seu primeiro libro infantil (Premio Nacional de Ilustración Infantil 1999). A esta obra seguíronlle títulos como "A cebra Camila", "A Mora" e a colección "Do berce á lúa", editadas por KALANDRAKA.

### **OUTROS TÍTULOS DE MAKAKIÑOS**



- **Temática:** conto popular adaptado á linguaxe de pictogramas
- **Idade recomendada:** nenos con necesidades educativas especiais (autismo, disfasia...)
- **Aspectos destacables:** educación especial; máxima concreción narrativa e artística; colabora a Asociación BATA: [www.autismobata.com](http://www.autismobata.com)